

REVISTA DO CRAEGA



Revista do CRAEGA
Nº 20
Outono 2011

CRAEGA

EDITA: CRAEGA
SECRETARIO: Javier García Lozano
DIRECCIÓN TÉCNICA: Ernesto Sánchez Salgado
ATENCIÓN Ó INSCRITO: Eva Rodríguez Rodríguez
DEPÓSITO LEGAL: PENDENTE
IMPRIME: ULZAMA GRÁFICAS

SUMARIO

- I Congreso de Consumo Saudable de Produtos Ecolóxicos** Páx. 3
- A acreditación EN45011 como certificadora da agricultura ecolóxica** Páx. 5
- A evolución da agricultura ecolóxica de Galicia en cifras** Páx. 6
- Novas de interese** Páx. 7
- Campaña de restauración ecolóxica
 - Cultivo ecolóxico de millo forraxeiro no CIAM

COMPRAVENDA

*Sección gratuíta para os inscritos.
Para publicar os anuncios enviar solicitude a craega@craega.es*

VÉNDENSE EXCELENTES CABRITAS PARA PRODUCCIÓN CÁRNICA DE EXPLOTACIÓN DE CABRAS EN ECOLÓXICO DE ALLARIZ.

Prezo 70 euros.
Interesados contactar con Xosé: 687-418518 ou Bernardo: 609-529872

VÉNDENSE VACA E XOVENCA DE CARNE RAZA FLEKVIEH OU SIMMENTAL DE 3 ANOS E 16 MESES DE IDADE RESPECTIVAMENTE.

Prezo a convir.
Interesados contactar con Xosé Luís: 637-850419

ONDE MERCAR

ESTABLECEMENTOS COLABORADORES

- **A Casa da Quenlla S.C.**
Praza de Abastos, nave 7, caseta 227-228-229, 15703 Santiago de Compostela (A Coruña), 696506800, acasadaquenlla@yahoo.es
- **A Tropical, Finarrei S.L.**
Rúa da Paz nº 20, 32005 Ourense, 988220688, demetrio@finarrei.com, www.finarrei.com
- **A Xoaniña, S.C.G.**
R/ Venezuela, 78, 15404, Ferrol - A Coruña, 981930868, cooperativaxoaninha@cooperativaxoaninha.org, www.cooperativaxoaninha.org
- **Bouza Anidos, Mª Elisa - O Carrizo**
Camino del Pino, nº 12 - El Alto - 15570 Narón - A Coruña, 636826476, marianidos@hotmail.com
- **Consumo Consciente Arbore, S.C.G.**
Rúa Arquitecto Pérez Bellas, 5 baixo, 36203, Vigo - Pontevedra, 986233497, info@arbore.org, www.arbore.org
- **Ecogaliza, S.L.U.**
Rúa Amea, s/n - Praza de Abastos, nave 7 Loc. 222-223-224, 15704, Santiago de Compostela - A Coruña, 654609611, ecogaliza@yahoo.es, www.ecogaliza.com
- **Fernández Blanco, Juan Carlos - Cárnicas O Xurés**
C/ Celso Emilio Ferreiro, nº 20 - Bajo, 32004, Ourense - Ourense, 988245812, www.carnicasoxures.com
- **Fiuncho Tenda Ecolóxica S.L.U.**
Rúa José Luis Bugallal Marchesi, nº10 local 7, 15008 - A Coruña, Tel./fax 981912310, contacto@fiuncho.eu
- **Gallaecia Carniceros - Carlos Rodríguez Pérez**
Mercado da praza de Lugo, posto Q5 2ª Planta, 15004 A Coruña, 981100504, gallaeciacarniceros@gmail.com, www.ecocarne.es
- **González Rodríguez, Yolanda - Horta Verde**
Rúa Irmáns Maristas, nº 38, 36700, Tui - Pontevedra, 986600644, ecohortaverde@gmail.com, www.hortaverde.es
- **Gueimonde y Liste, S.C. - As Cabaciñas**
Rúa Restollal, nº 79 - Baixo, 15702, Santiago de Compostela - A Coruña, 981593462, cabacias@yahoo.es
- **Horno Integral Pandarán, S.L.**
Avenida de Bueu, nº 19, 36940, Cangas de Morrazo - Pontevedra, 986303610, info@pandaran.es, www.pandaran.com
- **Horta+Sá Isabel López Chamorro**
Rúa Pérez Ardá, 26 baixo esquerda, 15009 - A Coruña, 981285021, hortaisabel@yahoo.es, www.hortamaissa.com
- **La Aldea Biomarket S.L.**
Avenida Finisterre, 25 Baixo, 15004, A Coruña 626765567, riapemon@laaldeabiomarket.com, www.laaldeabiomarket.com
- **Ortega Río, Mª Soledad - Menta**
Cesáreo Tizón, 25, 32500, Carballiño (O) - Ourense, 988274123, solchasa@yahoo.es
- **Ourense Bio, S.L.**
C/ San Rosendo, nº 9 baixo, 32001, Ourense - Ourense, 988604914, ourensebio@mundo-r.com
- **Sal de Rellán López, Alberto - Ecosuper**
C/ Nicaragua, 17 baixo esquerda, 15005, Coruña (A) - A Coruña, 981923048, tuecosuper@gmail.com, www.tuecosuper.com
- **Seoane Albela, Purificación - Hortasan**
Praza de Abastos, posto nº 33, 36002, Pontevedra - Pontevedra, 981512491, casadocampo@tempocompartido.com
- **Tenda Ecolóxica Equilibrio, S.L.**
Avda. Mallos, nº 1, 15007, Coruña (A) - A Coruña, 881898788, equilibrio@tendaecoloxica.com, www.tendaecoloxica.com
- **Todo Bio, S.L.**
Rúa Doctor Fleming, nº 7 - B, 32003, Ourense - Ourense, 988251257, todobio@hotmail.com
- **Verde Bioleta, S.L.**
C/ Pizarro, nº 81, 36204, Vigo - Pontevedra, 986493617, vbtienda@hotmail.com
- **Mª Teresa Álvarez López Ecocentro Natureza**
Avda de Galicia, 52 baixo, Monforte de Lemos - Lugo 982404797

I CONGRESO DE CONSUMO SAUDABLE DE PRODUCTOS ECOLÓXICOS

No pasado 15 de setembro, o Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega) presentou o I Congreso de Consumo Saudable de Produtos Ecolóxicos no paraninfo da facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago de Compostela en colaboración coa Federación Gallega de Asociaciones de Amas de Casa, Consumidores y Usuarios, presidida por Rosa Celia Otero Raña.

Esta primeira edición contou coa presenza de Juan Jiménez Contreras, doutor en Ciencia e Tecnoloxía dos Alimentos; José Manuel García Eive, xefe do Servizo de Fraudes da Consellería do Medio Rural; e Claude Aubert, cofundador da Federación Internacional de Movements de Agricultura Ecolóxica (IFOAM). O congreso dedicouse a realizar unha análise da situación e perspectivas do consumo dos produtos ecolóxicos a raíz do estudo realizado sobre a percepción dos produtos ecolóxicos no mercado galego. Nel resaltouse a contribución deste sector á calidade e seguridade alimentaria, dada a grande expansión nos últimos anos da produción ecolóxica, e tamén á sociedade. Isto, xunto ó mantemento da biodiversidade, a mitigación do cambio climático, a loita contra a escaseza de auga e a creación de emprego rural, converten a agricultura ecolóxica nunha alternativa real para afrontar os grandes retos que ten o sector agroalimentario.

O congreso estruturouse en diferentes sesións que abordaron diferentes temáticas tales como a certificación ecolóxica, a nutrición ecolóxica, a importancia da etiquetaxe dos produtos agroalimentarios ou os beneficios para a nosa saúde e o medio ambiente de ditos produtos.

O encargado da inauguración foi o conselleiro do Medio Rural, Samuel Juárez, quen destacou que a característica fundamental da produción ecolóxica en Galicia é a súa diversidade, froito dos diferentes ámbitos agrarios e sistemas

de produción. Así, definiu a agricultura ecolóxica coma un método agrario de produción que proporciona alimentos de gran calidade diferenciada. Tamén destacou que se trata dun sistema de produción respectuoso co medio ambiente, que utiliza métodos tradicionais e que enlaza perfectamente coas novas políticas europeas de calidade, de desenvolvemento rural, de agricultura sostible e de zonas desfavorecidas.

Na súa intervención, o titular de Medio Rural afirmou que durante os últimos anos a produción ecolóxica en Galicia se consolidou, resaltando que no último exercicio a súa produción facturou na nosa comunidade 17,1 millóns de euros e que o volume de produto certificado medrou ao redor dun 25%.

Obxectivos do congreso

Entre os obxectivos básicos que se formularon na primeira edición do congreso figuran os de intercambiar coñecementos e resultados de investigacións, expoñer e debater as consecuencias do último estudo sobre consumo de produtos ecolóxicos, e, dalgunha forma, formular políticas a favor da produción ecolóxica en materia de calidade e seguridade alimentaria. Dar a coñecer os produtos ecolóxicos aos consumidores incidindo na súa diferenza cos produtos convencionais e amosando as súas vantaxes medioambientais foi outra das finalidades perseguidas. Así mesmo, pretendeuse describir os produtos ecolóxicos que se certifican na comunidade galega e divulgar a importancia da certificación como garantía de calidade e valor engadido na súa comercialización.

O encontro foi todo un éxito, xa que participaron arredor de 180 persoas, entre as que se encontraban técnicos, estudantes, operadores e un nutrido grupo de consumidores representados por amas de casa procedentes de toda Galicia. Todos eles mostraron un grande interese neste tipo de produción, contribuíndo coa súa participación tanto na rolda de preguntas durante as diferentes charlas coma na mesa redonda que tivo lugar ó final do congreso, onde puideron expoñer todas aquelas preocupacións ou dúbidas sobre este tipo de produción certificada e de calidade.





Produtos ecolóxicos e convencionais

O inicio das conferencias correu a cargo de Ernesto Sánchez Salgado, o cal realizou unha breve introdución á certificación ecolóxica no Craega, explicando o seu funcionamento, os trámites para a posible incorporación de novos operadores e todas aquelas peculiaridades que implican estar inscrito neste rexistro de calidade. Dunha ou outra forma deu resposta ás dúbidas en canto á normativa e á certificación de todos aqueles que puideran estar interesados.

Como inicio dun debate entre os produtos ecolóxicos e os convencionais, Juan Jiménez Contreras puxo de manifesto as diferenzas nutricionais existentes entre ambos tipos de produción, destacando que “la diferencia no está en lo que llevan sino en lo que no llevan los productos ecológicos: plaguicidas, contaminantes, antibióticos, etc.”.

Un dos temas que se resaltaron no relatorio foi a calidade dos produtos ecolóxicos, que superan en case todos os aspectos –contido de nutrientes, sabor e inexistencia de substancias prexudiciais para a saúde humana– aos convencionais, posto que a industrialización da agricultura e da gandería conduciu a unha redución da calidade nutricional dos alimentos. Juan Jiménez destacou, por exemplo, como os produtos lácteos convencionais conteñen menos ácidos graxos omega 3 que os produtos lácteos ecolóxicos debido a que as vacas ecolóxicas consomen máis herba e moitos menos alimentos concentrados. En canto ás froitas e hortalizas, tamén son moito máis ricas as ecolóxicas cás convencionais en varios nutrientes, coma en polifenois, substancias que nos protexen fronte a algúns cancros. En conclusión pódese dicir que a selección que se fai de variedades cada vez máis produtivas vai en detrimento do seu valor nutritivo.

A etiquetaxe como garantía de calidade

José Manuel García Eive transmitiu a importancia da etiquetaxe nos produtos agroalimentarios ecolóxicos como garantía de calidade ó certificar que a procedencia ou trans-

formación dese produto alimentario segue unhas normas reguladas. O relator destacou coma un dos obxectivos da etiquetaxe evitar a confusión entre os consumidores, xa que cada vez son máis os que compran produtos ecolóxicos. Os alimentos que non se elaboren de acordo ás normas ecolóxicas xa non poderán utilizar calquera termo do tipo ecolóxico, bio, eco, etc., incluíndo o uso destes apelativos nas marcas rexistradas ou a súa aparición na etiqueta ou na publicidade. Un produto que leve a etiqueta ecolóxica deberá garantir que, como mínimo, un 90% dos seus ingredientes foron elaborados de forma ecolóxica, que cumpre coas normas do plan de inspección oficial, que provén de forma directa do produto ou do transformador e que non contén organismos modificados xeneticamente (OMG). En definitiva, trátase dun distintivo que ofrece a máxima calidade e seguridade alimentaria de cara ó consumidor.

Perigos da agricultura química

Posteriormente, e como broche final, tivo lugar a charla de Claude Aubert, enxeñeiro agrónomo e un dos grandes nomes da agricultura ecolóxica por ser o iniciador de asociacións europeas de peso como IFOAM ou Nature et Progrès. Xornalista, editor e conferenciante de prestixio internacional, Aubert leva máis de 30 anos estudando o noso sistema agroalimentario e a saúde, non só dende unha relación directa cos alimentos senón tamén dende a influencia ambiental.

Aubert puxo de manifesto como os produtos ecolóxicos inflúen directamente sobre a nosa saúde e o medio ambiente. Explicou como a agricultura química e a industria agroalimentaria actual favorecen a aparición de enfermidades e destacou como a agricultura ecolóxica se mantivo nun nicho marxinal e nunhas cifras discretas de consumo, pero como agora, a pesar de non existir un decidido apoio nin promoción, a demanda empeza a aumentar polo interese que esperta nas persoas de cara a manter unha boa calidade de vida e unha boa saúde, ademais do medo e perigo que supoñen as crises alimentarias, cada vez máis frecuentes.

Durante o relatorio de Claude Aubert tamén se demostrou como os pesticidas e diversos produtos químicos inflúen negativamente sobre a calidade de vida das persoas e o efecto acumulativo que estes teñen. Son moitas as análises realizadas que confirman a presenza de residuos de pesticidas nos produtos procedentes da agricultura convencional. Entre os numerosos efectos sobre a saúde, Aubert destacou os seguintes: impacto na fertilidade; aumento dos nacementos prematuros e con pouco peso ó nacer, supoñendo un factor de risco para futuras enfermidades na idade adulta; impacto nas defensas inmunitarias; risco acrecentado de cancro, e un impacto no desenvolvemento psicomotor.

Conclusións finais

Unha vez rematadas as charlas, e tras un breve descanso no que todos os asistentes ó congreso puideron degustar produtos ecolóxicos, tivo lugar unha mesa redonda integrada polos conferenciantes e produtores ecolóxicos onde se puxeron en común todas aquelas dúbidas ou ideas referentes ás diferenzas entre produtos ecolóxicos e convencionais, así como as súas diferenzas de prezo.

Os participantes abordaron diferentes temas coma o dos transxénicos, sobre os cales se afirmou que existe a suficiente evidencia científica sobre os riscos para a saúde, polo que se debe aplicar o principio de precaución aínda cando as relacións causa-efecto non estean establecidas e polo que a produción ecolóxica ten totalmente prohibida a súa utilización. Tamén se debateu sobre o tema dos pesticidas e compostos químicos, dos que cada día saen publicados máis estudos que demostran os seus efectos contaminantes no medio ambiente e na saúde humana; de aí o interese dos participantes por coñecer alternativas a este tipo de produtos.

Como conclusión, Rosa Celia Otero Raña reafirmou a necesidade do apoio ó desenvolvemento de políticas e plans de acción que prioricen e impulsen a agricultura e a alimentación ecolóxicas a todos os niveis. Otero Raña precisou que o impulso do consumo ten que ir orientado cara a mercados de proximidade para evitar o impacto do transporte no medio ambiente, ademais da necesidade dunha maior coordinación entre as diferentes administracións na execución de medidas de apoio para o desenvolvemento rural ligado á produción ecolóxica.



A ACREDITACIÓN EN45011 COMO CERTIFICADORA DE PRODUTO ECOLÓXICO

Dende decembro do 2008, data no que o Pleno do Craega aprobou o Manual da Calidade (Capítulos e Seccións), vense a traballar de xeito continuado na consecución da acreditación da ENAC. Moitos foron os cambios acadados, tanto na documentación como nas actuacións do Craega, e houbo algúns de moita importancia como a modificación do Regulamento de Funcionamento e os cambios na Sistemática do Control da produción ecolóxica, modificacións que vos afectaron directamente aos operadores, e que xa foron explicados en anteriores números da revista. Lembramos algúns deles:

- As autorizacións específicas e das sementes.
- O envío do informe da auditoría xunto coa remisión do plan de accións correctivas.
- A emisión do certificado de conformidade.
- O emprego do material de control.
- A comunicación dos cambios nos medios de produción.

Ademais, tamén supón o cambio no organigrama do Craega coa creación no ano 2010 do Comité Consultivo no cal, entre outras funcións, se atenden os recursos das decisións de certificación.

Todas estas novas redundaron no éxito da acreditación da ENAC, e polo tanto ofrécense unhas garantías de obxectividade e imparcialidade e o recoñecemento da calidade no noso sistema de control.

Agora, en todo momento se garante a imparcialidade e a confidencialidade das decisións técnicas tomadas tanto polos técnicos como polos diferentes comités e todas as persoas implicadas no proceso de certificación. E tamén queda demostrada a competencia técnica do persoal encargado de realizar o control e das persoas que toman as distintas decisións dentro do sistema de certificación.

En definitiva, supón o recoñecemento da ENAC ó labor que realiza o Craega e á súa metodoloxía de traballo, así como a adecuación do sistema de control ás disposicións da Unión Europea en materia de agricultura ecolóxica definidas nos Regulamentos (CE) 834/2007 e (CE) 889/2008 e a súa aplicación sistemática a todos os operadores. E constitúese como un elemento diferenciado que posibilita gañar a confianza do consumidor e, consecuentemente, ampliar o mercado dos alimentos ecolóxicos.

Non foi doado, pero grazas ó esforzo de todos lográmoslo e acadamos un dos obxectivos prioritarios do Craega, o que significa o máximo recoñecemento internacional para o traballo de control e certificación que facemos sobre as producións ecolóxicas en Galicia.

Esta acreditación que nos veñen de conceder sitúanos como o primeiro, e polo momento o único, Consello Regulador de Galicia en ter dita acreditación con base na norma 45011, ademais de ser o segundo en obtela dos consellos reguladores da produción ecolóxica en España, despois do Consello Catalán da Producción Agraria Ecolóxica.

A AGRICULTURA ECOLÓXICA GALEGA XERA PRODUTOS POR VALOR DE 17 MILLÓNS DE EUROS

A pesar da situación económica adversa, a agricultura ecolóxica galega rexistrou un importante incremento ó longo do 2010. Segundo datos presentados o 7 de setembro polo presidente do Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galicia (Craega), José Antonio Fernández, o organismo que preside certificou nese ano produtos por valor de 17 millóns de euros, o que supón un incremento do 21% con respecto aos certificados no 2009.

Segundo José Antonio Fernández, “as cifras avalan a viabilidade da agricultura ecolóxica como un sector de futuro, capaz de xerar crecemento económico mesmo nunhas condicións tan complexas coma as actuais, á vez que axuda a loitar contra problemas galegos como son os lumes forestais, o despoboamento do rural e, por suposto, o desemprego”.

Fernández presentoulles ós medios as cifras actualizadas da actividade do Consello, que agrupa un total 474 produtores e 94 elaboradores, importadores e comercializadores, de xeito que o total de operadores inscritos se aproxima ós seiscentos. Por outra banda, a superficie total en Galicia é de 14.227,7 hectáreas. Por provincias, Ourense, con 6.664,20, e Lugo, con 5.774,20, teñen unha maior superficie, seguidas da Coruña, con 1067,10 e Pontevedra, con 722,20.

Alento para a economía

Segundo afirmou o presidente do Craega, o incremento do valor económico da produción ecolóxica galega prodúcese nun ano de conxuntura económica adversa, “o que demostra o seu potencial de crecemento e mostra tamén que a produción ecolóxica, co seu respecto ó medio ambiente e á biodiversidade, xunto coa súa capacidade para aportar valor engadido ós produtos alimentarios, se consolida como unha das vías de futuro da agricultura”. E engadiu que “por iso nós, todos os que formamos o Craega, basicamente os produtores e os que hoxe temos responsabilidades no Consello, estamos convencidos de que dicir Craega é dicir futuro. Porque é indubidable que o porvir da agricultura ecolóxica pasa aquí e que gran parte do porvir do noso país pasa pola agricultura ecolóxica”.

Ademais, Fernández destacou tamén que “a agricultura ecolóxica combate primordialmente tres dos principais problemas de Galicia ao ser un elemento esencial na loita contra o lume, contra o despoboamento –porque contribúe a asentar a poboación rural– e contra o paro. Por iso estamos convencidos do peso que a agricultura ecolóxica ten no futuro do país”.

Entre outros datos significativos, déronse algunhas cifras da produción que acolle o Consello. Da superficie inscrita, o 90% dedícase a pastos e forraxes, o que se converte na base da importante actividade gandeira ecolóxica galega. Por sectores, o lácteo xera produtos por valor de 7,6 millóns de euros, o cárnico faino por valor de 2,6 millóns e o os ovos e os seus derivados xeran produtos por un valor de 1,2 millóns de euros. No caso dos ovos, un sector con moito peso dende hai anos no Consello, obsérvase un crecemento sostido que porcentualmente representa o 9,13%.

Pola súa banda, a directora xeral de Innovación e Industrias Agrarias e Forestais, Alejandra Álvarez, destacou o traballo desenvolvido polo Craega e incidiu na importancia da agricultura ecolóxica “coma un elemento máis no coidado non só das persoas e a saúde senón tamén do medio ambiente”.

Dentro da ampla variedade de produtos certificados (lácteos, ovos, aceites...) sinalou a boa acollida ós produtos cárnicos e, como novidade, o incremento na produción de conservas de peixe e algas.



Acreditación da ENAC

No almuerzo cos medios interveu tamén Ernesto Sánchez, director técnico do Craega, quen salientou a importancia da acreditación concedida pola Entidad Nacional de Acreditación (ENAC) ao selo de calidade de Craega. “Se o selo de Craega é o DNI que identifica os produtos ecolóxicos galegos, que certifica a súa calidade e que garante que son elaborados conforme á lexislación vixente en materia ecolóxica, a acreditación de ENAC é o pasaporte que vai permitir impulsar aínda máis a exportación de produtos ecolóxicos galegos a mercados de España, da UE e a terceiros países”, afirmou Ernesto Sánchez.

Xornadas de restauración ecolóxica na Coruña e en Lugo

O pasado 27 de setembro, o restaurante Furna, situado na localidade coruñesa de Caión, acolleu a presentación dunhas xornadas de restauración ecolóxica que se están desenvolvendo en sete establecementos da provincia da Coruña.

Ademais do mencionado Furna, nesta iniciativa participan os hoteis Puerta del Camino, Attica 21 e Finisterre e os restaurantes Artabria, A Bica e La Tita Rivera.

O Craega tamén está colaborando con dous restaurantes da provincia de Lugo –O Grelo e o España– co obxectivo de achegar os menús ecolóxicos ó máximo número posible de comensais.

A presentación destas xornadas correu a cargo de Damián Alonso Martínez, xefe de cociña do restaurante Furna, e José Antonio Fernández, presidente do Craega.



Cultivo ecolóxico de millo forraxeiro nunha granxa do CIAM

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), integrado no Instituto Galego de Calidade Alimentaria (Ingacal), leva varios anos realizando traballos orientados á produción ecolóxica ou, cando menos, poñendo ó día tecnoloxías que poden ser de aplicación nas explotacións galegas de produción ecolóxica ó estar dentro dos parámetros nos que esta se define.

Aínda que o centro non está inscrito nos rexistros do Craega, e polo tanto non podemos dicir que os resultados deses traballos sexan unha produción ecolóxica, moitos dos resultados obtidos son extrapolables a este sistema de produción e, de igual xeito, as prácticas ou tecnoloxías empregadas con éxito poden ser trasladadas ás explotacións ecolóxicas.

Un exemplo é o cultivo de millo forraxeiro sen herbicidas que veñen desenvolvendo na Granxa Robles da Pobra do Brollón, pertencente ó CIAM, desde hai varios anos. Neste ensaio só se empregan abonos orgánicos, concretamente esterco de gando vacún que se xera na propia granxa, e ningún tipo de herbicida químico para o control da vexetación espontánea. Ademais, cabe dicir que todos os anos fan xornadas de portas abertas para amosar estas técnicas de cultivo ó público á vez que expoñen os resultados das mesmas.

Este ano realizouse a sementeira do millo a primeiros de maio nunha finca que anteriormente estivera a pradería, sendo este o primeiro ano de cultivo nese sitio. Grazas á experiencia que teñen no manexo deste cultivo, saben que non debe sementarse máis de dous anos seguidos na mesma

parcela e que debe seguir a unha pradería de polo menos tres anos de duración.

Para o control das malas herbas fíxose un primeiro pase cunha grade de púas cando o millo tiña entre 3 e 4 centímetros e un segundo pase cun cultivador convencional cando tiña entre 25 e 35 centímetros de altura. Neste último pase non se realizou un aporcado do millo, posto que a parcela é de rego e o citado aporcado podería dificultar as tarefas de rego á manta que se lle realizou á parcela.

Non obstante, en parcelas que non se reguen ou nas que se empreguen outros medios para facelo pódese realizar un aporcado que mellora a resistencia á seca do cultivo.





Logotipo europeo para os alimentos ecolóxicos



**XUNTA
DE GALICIA**



FEADER
Europa inviste no Rural

